

PREINSCRIPCIÓN 2022-2023

PRAZO DO 1 AO 31 DE MARZO DE 2022

PARA FACER A PREINSCRIPCIÓN (NOVOS/AS USUARIOS/AS DOS SERVIZOS).

1. USUARIOS/AS CON ACCESO A INTERNET

1-a: Acceder á paxina web do concello: www.concellodeames.gal premendo no enlace que lle levará á páxina www.conciliames.gal onde solicitarán a clave de usuario e o contrasinal no apartado correspondente, ou accedendo directamente á www.conciliames.gal.

1-b: Cubrir a solicitude de preinscrición. Opcionalmente pódese calcular o custo dos servizos. Este cálculo será orientativo e quedará suxeito á comprobación do expediente por parte do departamento de educación.

1-c: Imprimir, asinar e presentar a solicitude de preinscrición en rexistro.

Sexa cal sexa a opción elixida das que se ofrecen a continuación, só se poden presentar copias auténticas¹ ou orixinais da documentación requirida.

Opción 1: *Rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>)*

A solicitude deberá vir asinada electronicamente polos dous proxenitores do usuario/a do servizo, salvo que se ostente a custodia en solitario en cuxo caso só asinará ca súa sinatura electrónica o/a proxenitor/a custodio/a.

A documentación que se achegue ca solicitude e que o Regulamento estableza que teña que ser un orixinal ou copia compulsada, antes da súa presentación polo rexistro telemático, deberase conseguir unha copia auténtica de dito documento.

Opción 2: *Oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames:*

Deberá presentarse unha copia auténtica da solicitude que deberá estar asinada polos dous proxenitores do usuario/a do servizo salvo que se ostente a custodia en solitario, en cuxo caso só asinará o/a proxenitor/a custodio/a.

As oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames están localizadas na casa do Concello en Bertamiráns e nas oficinas municipais do Concello en Milladoiro. Para acudir a ditas oficinas, solicitarase cita previa a través da sede electrónica do Concello de Ames.

Opción 3: *Calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.*

Nota: Os arquivos presentados de forma telemática deberán vir firmados dixitalmente por todos os proxenitores.

1. Terán a consideración de **copia auténtica** dun documento público administrativo ou privado as realizadas, calquera que sexa o seu soporte, polos órganos competentes das Administracións Públicas nas que quede garantida a identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido. As copias auténticas terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais. (Artigo 27.2 LPAC)

2. USUARIOS/AS SEN ACCESO A INTERNET

Poderán realizar os trámites 1-a e 1-b do apartado anterior no Departamento de Educación, situado no **Pazo da Peregrina**, ou na **Oficina Municipal do Milladoiro**, para o que deberán solicitar unha cita no teléfono **981 891 476**.

Unha vez realizado o trámite 1-a e 1-b deberán realizar o trámite 1-c, podendo escoller de entre as tres opcións posibles a máis axeitada as súas circunstancias persoais.

3. ADEMAIS, NO CASO DA PREINSCRIPCIÓN NA **REDE MUNICIPAL DE COMEDORES ESCOLARES**

Ademais de dita solicitude, deberán achegar o **formulario de baremación** e a documentación necesaria para a valoración. A información está dispoñible no Departamento de Educación e na páxina www.conciliames.gal

Para a comprobación de datos tributarios da unidade familiar é necesario que todos os **membros da unidade familiar maiores de idade** asinen a autorización de solicitude de datos tributarios á axencia tributaria do exercicio 2020. No caso de que se presente polo rexistro electrónico dita autorización debe ser asinada electronicamente.

Para que a preinscripción sexa efectiva é condición indispensable estar ao día no pagamento dos servizos do Concello de Ames, e en xeral non ter débedas co Concello.

Unha vez publicadas as listas dos/as nenos/as inicialmente admitidos/as, será necesario formalizar a matrícula no prazo fixado para ese fin e pagar a taxas correspondentes, momento no cal poderán solicitar a BONIFICACIÓN DE TAXAS e entregar a documentación necesaria segundo o caso.

INFORMACIÓN:

NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA). Telf : **981.891.476** ou no correo electrónico educacion@concellodeames.gal

IMPORTANTE:

OS USUARIOS/AS ACTUAIS FIXOS/AS DE COMEDOR, BOS DÍAS COLE E TARDES DIVERTIDAS DEBERÁN FACER RENOVACIÓN DA PRAZA.